

Análise das conductas motrices e patróns básicos de xogo no fútbol a 7.

Toni Ardá

Prof. INEF de Galicia. Universidade da Coruña.

1. Introducción

A evolución constante das diferentes perspectivas de análise das prácticas deportivas, o estudo dos roles (Parlebas, 1976), as aportacións de H. Moreno (1987), de Mahlo (1969), de Menaut (1982), de Vázquez Lazo (1995), de Saavedra (1996) etc., fainos cuestionar a necesidade dun estudo profundo, en primeiro lugar, dos seus procesos de ensinanza, para poder así chegar a un desenvolvemento máis racional do deporte.

No fútbol veñense realizando estudos referidos os seus diferentes elementos estruturais; uns relacionados cos seus elementos condicionais (Ekblom, 1995; Balson, 1992; Masach, 1990) e outros que referencian os parámetros da súa estrutura funcional e formal (Parlebas, 1976; H. Moreno, 1990; Dufour, 1982). Pero case sempre estes traballos toman como base do seu estudo a grupos ou equipos de elite, e sistematicamente esquecese o coñecemento e profundización do xogo dos nenos que se inician no deporte do fútbol.

Sen este imprescindible e necesario traballo, os procesos de ensinanza non nos permiten máis que unha aplicación dos medios dos adultos ós nenos.

Simplemente comparando o número de pases que se producen nun partido de primeira división cun de iniciación ó fútbol 7, encontramos relacións dunha a dez, 400 pases (Dufour, 1982) para os futbolistas de elite, por 40 (Ardá, 1996) para nenos de 6 a 9 anos que se inician na práctica futbolística.

O obxectivo fundamental debe ser chegar a unha análise dos parámetros da estrutura sistemática do fútbol de iniciación, tomando como situación básica o fútbol 7; para posteriormente propoñer uns procesos de ensinanza, que aínda tendo como obxectivo as características do fútbol de elite, estea baseado nas propias peculiaridades e problemas que presenta o xogo dos nenos que se inician na práctica.

O fútbol 7 é un xogo, que aínda mantendo as mesmas finalidades e obxectivos do fútbol 11, presenta unhas modificacións para adaptalo ás características físicas, intelectuais e emocionais dos nenos. As primeiras regras apróbanse pola Comisión Central de Arbitros en Francia no ano 1967 (Mercier,

1967) e modifican o fútbol 11 no número de xogadores, limitado a 7; e o espacio, reducido considerablemente, así como na regra do fora de xogo, que se limita a unha zona determinada do campo (zona de 13 metros).

2. Obxectivo

Pretendemos con este traballo, definir os subroles, unidades comportamentais de base do funcionamento estratéxico do xogo deportivo (Lasierra, 1992), correspondentes o rol, xogador con balón no fútbol 7; para posteriormente definir patróns de xogo, é dicir, secuencias de actuación dos xogadores relacionados intimamente co rol definido anteriormente. Trátase polo tanto dun estudo de carácter exploratorio no que se tentará descubrir as secuencias significativamente máis probables.

3. Metodoloxía

A metodoloxía utilizada neste estudo foi de carácter observacional, analizando situacións reais de xogo (observación "in vivo") conservando polo tanto o carácter natural da situación.

Como paso previo, realizouse un estudo piloto no que se levou a cabo unha observación inicial informal directa mediante anotacións de campo e posteriormente de forma indirecta a través dun rexistro non sistematizado (registro narrativo) previo visionado de filmacións, onde o grupo (xa experimentado na análise observacional) observaba diferentes situacións de xogo. Definiuse así o equipo investigador e concretamos perfectamente o obxecto de estudo e como iamos levar a cabo o proceso.

O seguinte paso foi definir e identificar, axudados e orientados polo estudo bibliográfico, os subroles ou conductas de decisión definidas por Lasierra (1993) como as decisións tomadas polos xogadores con carácter intencional e significativo e que son independentes dos resultados. Levouse a cabo a construción das categorías de observación, que se plasmaron no deseño da ficha de rexistro de datos; tras un listado inicial de categorías realizouse a contrastación e comprobación mediante observacións dos vídeos para máis tarde establecer o listado definitivo.

As categorías son de carácter exhaustivo e mutuamente exclusivas, requisito necesario neste tipo de estudos.

Identificáronse as seguintes conductas, e definíronse do seguinte xeito: (recordemos que estas categorías son intencións polo que non interesa o resultado de cada acción).

1. Sacar: pór o balón en movemento tras un período no que se encontraba fóra do xogo.

2. Controlar: recibir/recepcionar o móbil con calquera parte do corpo para encadear de forma máis ou menos rápida/efectiva con outra conducta.

3. Pasar: transmiti-lo balón cara a un compañeiro ou un espacio a ocupar.

4. Avanzar: progresar/desprazarse co balón, máis ou menos dominado cara a espazos máis ou menos libres.

5. Protexer: conserva-la posesión do móbil ante a presenza dun oponente e sen progresar no espacio

6. Evitar/superar adversario: conserva-la posesión do balón ante a presenza dun oponente e progresando no espacio.

7. Golpear hacia o ataque: transmiti-lo móbil cara a zonas potenciais de ataque pero sen receptor previamente definido (o xogador con balón orientase cara a portería contraria).

8. Desprenderse do balón: golpear o balón de forma aleatoria para evitar ter a posesión do mesmo. 11, 12, 13. Lanzar a portería: golpear o balón cara a portería contraria co obxectivo de conseguir gol.

Para ter datos da secuencia completa este último subrol dividiuse en tres subcategorías:

- Logra gol: a secuencia remata coa consecución dun gol.

- Balón sae fóra: tras o golpeo cara a portería, o balón sae fora dos límites do campo.

- Balón segue en xogo: tras o golpeo a portería o balón segue en xogo ben en posesión do propio equipo, ben en posesión do equipo adversario.

Co mesmo obxectivo de coñecer o final da secuencia engadironse outras categorías sen carácter intencional/conductual:

9. Perde-lo balón: o xogador con balón seguidamente á realización dunha das condutas anteriores queda sen a posesión do balón.

10. Infrinxi-lo regulamento: o xogador en posesión do balón realiza algunha acción penalizada polas regras do xogo.

O instrumento usado foi a modo de ludograma, no que o eixo vertical indica as categorías de condutas de decisión e no eixo horizontal a secuencia cronolóxica das condutas.

A forma de rexistro estableceuse mediante un punto ou sinal na cuadrícula correspondente á conducta observada non podendo estar nunha mesma columna dous ou máis sinais.

Na fila horizontal superior anotouse o número da conducta correspondente nesa secuencia e na primeira e última da mesma o tempo de inicio e final respectivamente (desta maneira coñecemos a duración da secuencia).

O terceiro e o último paso do estudo foi definir os patróns de xogo, entendendo estes como o orden de aparición dos subroles definidos anteriormente, e que corresponden exclusivamente ó rol xogador con balón.

4. Mostra

Dunha poboación de 70 nenos/as (7 equipos), recollemos unha mostra de 30 suxeitos (28 nenos e 2 nenas) de idades comprendidas entre os 6 e os 9 anos, que estaban agrupados en tres equipos cualitativamente homoxéneos, e que mostraban a característica de non teren xogado ningunha competición ata ese momento. Escolleuse esta mostra, xa que pertencían a un grupo, que nos permitía unha intervención para homoxeneizar os tres equipos que logo foron analizados.

5. Rexistro

O mostreo foi temporal de intervalos.

O rexistro é de codificación, discontinuo, secuencias con información cronolóxica.

Realizáronse 13 observacións (partidos). As observacións leváronse a cabo mediante a análise de filmacións en vídeo cunha cámara profesional PANASONIC AG-DP 800 E, de tal xeito que nos facilitaba un plano de todo o espacio de xogo en cada instante.

Das trece observacións, escolléronse ó chou seis nas que se analizaron os doce primeiros minutos de cada parte, e das outras sete rexistráronse os datos dos doce segundos minutos de cada parte; para tentar anular así comportamentos influenciados polo cansancio físico, estrés nervioso, etc.

6. Análise dos datos

Os datos rexistrados refiren a frecuencia de veces que se produce unha conducta, a orde de aparición dentro dunha secuencia (conxunto de conductas durante unha posesión do balón), e a duración das mesmas.

Realizouse a análise dos datos no programa estadístico SSPS.

7. Conclusións

Respecto a primeira parte do estudio, é dicir, o análise dos diferentes subrolos do xogador con balón, chegamos ás seguintes conclusións de cara o proceso de ensinanza/aprendizaxe neste deporte:

- O control do balón debe ter unha cabida moi importante á hora da programación e desenvolvemento das sesións prácticas; é con moito a conducta que máis aparece no xogo real e permite o inicio e progresión das secuencias dunha forma máis eficaz;

- O uso excesivo do subrol golpeo cara o ataque fainos pensar que na iniciación débemoslles presentar ós nenos outras formas de progresión, cara á portería contraria, máis coherentes cos intereses dos deportes de equipo. Trataríase principalmente de converter esa conducta noutra na que as relacións de comunicación sexan favorecidas, o pase.

- Chama moito a atención a baixa porcentaxe de lanzamentos a portería, e coma consecuencia o escaso número de goles; ambos son posiblemente os elementos máis motivantes nestas idades polo que os nenos non encontraran satisfeitas as súas necesidades nas competicións, así, debemos se-los seus educadores os que facilitemos ditas situacións nas sesións prácticas.

- En canto ó altísimo número de perdas de balón non queremos preocuparnos máis do necesario, pero sempre tendo en conta, pois somos da crenza que nestas idades débese aplicar unha metodoloxía baseada nas intencións, na comprensión e asimilación das diferentes conductas de decisión na situación dinámica do xogo real e non tanto nos resultados das propias accións. Na práctica, tentaremos de plantexar tarefas nas que a posesión de balón non estea tan comprometida, por exemplo con situacións de superioridade numérica en ataque, facilitar a toma de decisión o xogador con balón...

En canto as conclusións extraídas da análise dos patróns de xogo:

O principal problema que atopamos non está en que as secuencias sexan de 2 ou 3 categorías e de duración de 2"- 3" (suponse unha duración e número de conductas curtas), pois de terminaren en lanzamento á portería (con/sin gol) serían os patróns básicos ideais para a práctica deste deporte.

O problema é que unha meirande parte das secuencias rematan con perda de balón, influenciada directamente co escaso bagaxe e control técnico/táctico dos/das rapazas e nós, pensamos que tamén é motivada pola precipitación nas accións e conductas o que conduce a patróns de xogo tan curtos en duración e variedade. Por isto debemos enfocar o proceso de iniciación cara á consecución

de secuencias máis amplas no tempo, sen precipitacións e utilizando as diferentes conductas cara un maior control/eficacia da fase de ataque.

Coma futuras liñas de investigación neste senso plantexarnos as seguintes:

- Relacións causais entre as diferentes conductas de decisión:
 - ¿qué precede a unha conducta?
 - ¿cal é a consecuencia da realización desa conducta?
 - etc..
- Análise dos diferentes patróns de xogo reais (seguinte paso do noso estudo).
- Este mesmo estudio e as súas variantes a realizar nos diferentes roles do xogo.
- Relacións dinámicas entre conductas de decisión dos distintos roles.
- Estudos deste tipo realizados de forma lonxitudinal que nos permita coñecer a evolución natural do xogo dende a iniciación ata a mestría deportiva relacionandoos coa evolución/adaptación dos/as xogadores/as á dinámica do mesmo.
- Influencias ou relacións das diferentes metodoloxías de ensino na evolución do xogo e os seus practicantes.
- etc...

Bibliografía

- ARDA, T. (1995). Proceso de enseñanza-aprendizaje en deportes de situación sociomotrices. IV congreso de educação física e ciencias do desporto dos países de lingua portuguesa. Coimbra.
- ARDA, T. (1995): O proceso de enseñanza-aprendizaxe no fútbol. Primeiras Xomadas de Iniciación e aprendizaxe deportiva. Fene (A Coruña).
- ARDA, T. (1994): O proceso de enseñanza-aprendizaxe do fútbol, dende a teoría praxiolóxica da conducta motriz. Congreso Nacional COPLEF. Madrid.
- DUFOUR, W. (1989): Los métodos de observación del comportamiento motor. Revista EPS, nº 217.
- DUFOUR, W. (1972): El fútbol en la escuela. Revista EPS, nº 118.
- HERNANDEZ MORENO, J. (1987): Estudio sobre el análisis de la acción de juego en los deportes de equipo: su aplicación al baloncesto. Tesis doctoral. Universidad de Barcelona.
- HERNANDEZ MORENO, J. (1989): Una metodología de la observación de la acción de juego en fútbol: cuantificación del tiempo de pausa y de participación y de las acciones técnicas. I Congreso Ciencia y Técnica del fútbol. Madrid.
- LASIERRA, G. (1992): Adaptación del estudio de roles y subroles en el análisis de las prácticas de cooperación-oposición: el ejemplo del balonmano. I Congreso de las Ciencias del Deporte y la educación física. Lleida
- MAHLO, F. (1969): L'acte tactique en jeu. Ed. Vigot. París.
- MERCIER, J. (1967): El fútbol de efectos reducidos. Revista EPS, nº 88.
- PARLEBAS, P. (1988): Elementos de Sociología del Deporte. Ed. Unisport. Málaga.
- SAAVEDRA, M. (1996): Metodología observacional. As faltas en fútbol. VI Congreso Galego de educación física e deporte no século XXI. A Coruña
- VANKERSSCHAVER, J. (1982): Fútbol: la formación en la escuela o en el club. Revista EPS nº 178.
- VAZQUEZ LAZO, J. C. (1995): Estudio dos diferentes métodos comúns ós diferentes deportes sociomotrices. Espacio de interacción. A Coruña.